



RECOMENDACIÓN DIRIXIDA AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PADRON (A CORUÑA), PARA QUE GARANTICE O DEREITO DE ACCESO Á INFORMACIÓN A UN CARGO PÚBLICO REPRESENTATIVO E CUMpra, ASÍ MESMO, COA OBRIGA DE PUBLICIDADE ACTIVA PREVISTA NOS ARTIGOS 6 A 8 DA LEI 19/2013, DE 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO.

Expediente: T.11.Q/29018/17

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018

Sr. alcalde:

Acusamos recibo do seu escrito do 18 de decembro de 2017 (R. saída nº 5032) en relación co expediente de queixa referenciado, iniciado nesta Institución a instancias de Don [REDACTED], na súa condición de concelleiro do grupo político *ALTERNATIVA X PADRON*, nese concello.

Unha vez analizado o contido do seu escrito, e a súa afirmación de que en relación aos contratos menores *“non existe a obriga legal de formalizalos en documento administrativo e, en consecuencia, non poden ser facilitados ao Sr. [REDACTED]”*, temos que manifestarlle o seguinte:

As corporacións locais están integradas no ámbito subxectivo da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Esta lei como principio imperativo e xeral, recolle no seu artigo 5 a publicación *“de forma periódica e actualizada da información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública”*.

O obxecto desta norma é *“ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as*

*obrigas de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos, así como as consecuencias derivadas do seu incumprimento”.*

Tal como recolle o preámbulo desta norma *“A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixes fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que os afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións, poderemos falar do inicio dun proceso en que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, exixente e que demanda participación dos poderes públicos.”*

A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no seu artigo 8, referido aos mecanismos de publicidade activa que deben exercer os suxeitos obrigados recolle o detalle da información económica, orzamentaria e estatística que, como mínimo, debe facerse pública.

En canto aos contratos indica que deben facerse públicos, nos correspondentes espazos web de transparencia *“todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, se publicitou, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do seu adxudicatario, así como as modificacións do contrato”.* Engade que *“igualmente serán obxecto de publicación as decisións de desestimación e renuncia dos contratos”* e que *“a publicación da información relativa aos contratos menores poderá realizarse trimestralmente”.*

A mesma lei de carácter básico engade que, *“se publicarán datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público”.*

**En canto a información relativa aos contratos menores,** a Lei galega reflicte que deben constar con indicación do obxecto, a duración, o importe de licitación e adxudicación, o número de licitadores participantes e a identidade do adxudicatario publicaranse, polo menos trimestralmente, no portal web de transparencia. *“Tamén serán obxecto de publicación os acordos e criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación”*, completa.

Debe terse en conta, por outra banda, o disposto pola Disposición Adicional Primeira (punto 2) da Lei estatal que vencella a aplicación supletoria da lei, á existencia dunha norma específica que prevea un réxime de acceso á información, tamén específico. Neste sentido

sinala: *“se rexerán pola súa normativa específica, e por esta lei con carácter supletorio, aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso á información”.*

Cómpre citar neste punto a Lei de Contratos Públicos cuxo texto refundido aprobou o RDL 3/2011, de 14 de novembro (texto vixente no momento de producirse os contratos e a petición do concelleiro). No seu artigo 111, referido ao expediente de contratación en contratos menores indica que, *“nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente so esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan”.* O artigo 138.3, ao que se refire, expón que *“os contratos menores poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 111”.* Por tanto, a formalización de cada gasto e as facturas son a formalización legal dos contratos menores celebrados.

Tamén é de resaltar o disposto no artigo 118.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (actualmente vixente), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que literalmente di:

*4. Los contratos menores se publicarán en la forma prevista en el artículo 63.4.*

*Artigo 63.4. “La publicación de la información relativa a los contratos menores deberá realizarse al menos trimestralmente. La información a publicar para este tipo de contratos será, al menos, su objeto, duración, el importe de adjudicación, incluido el Impuesto sobre el Valor Añadido, y la identidad del adjudicatario, ordenándose los contratos por la identidad del adjudicatario.”*

Consonte con estes feitos, esta Institución lémbrale:

- Que o dereito de información, que ten un cargo público representativo, é un dereito instrumental, recoñecido no artigo 23.2 da Constitución Española con carácter fundamental, interpretado en diversas sentenzas do Tribunal Constitucional (entre outras as números 161/1988, de 20 de setembro e 163/1991, de 18 de xullo) e configurado legalmente nos artigos 77 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, e 226 da Lei Autonómica 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, preceptos legais que lle permiten a participación política e o exercicio responsable das funcións públicas inherentes ao seu cargo público.

- Que a protección deste dereito fundamental desenvolvese nos artigos 14 ao 16 do Regulamento de Organización e funcionamento das corporacións Locais de 28 de novembro de 1986, regulando a súa instrumentación.
- Que calquera persoa pode solicitar esa información tal como está previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, tanto a través do acceso ao portal de transparencia como no exercicio do dereito de acceso á información pública, e que o concello debe cumprir tanto a normativa de contratos como a lexislación básica propia de transparencia.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello a seguinte RECOMENDACIÓN:

- O cumprimento do deber establecido no artigo 77 da citada Lei respecto á solicitude de información e acceso á documentación municipal necesaria para o exercicio dun cargo público representativo, nos supostos relacionados, lémbrese que o silencio administrativo é positivo (art. 14.2 do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais, de 28-11-1986) e que o Concello ten o deber legal de facilitar de xeito material a súa consulta.
- Que o Concello de Padrón debe dar cumprimento ao disposto no artigo 5 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de xeito que sexa accesible, como publicidade activa, toda a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación administrativa, nomeadamente a prevista nos artigos 6 a 8 da referida lei, e especificamente os que se corresponden coa solicitude do Sr. ██████████ .

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo